

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 3 | ABRIL 2011

DILEMAS ATÓMICOS

A pesar de todos os riscos inherentes á enerxía nuclear, aínda hai ambientalistas que seguen a lóxica do mal menor, defendendo a súa expansión fronte á de carbón



RICARDO COELHO
Economista portugués. Investigador no Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coímbra

En 1934, Marie Curie morría de anemia aplásica, provocada pola súa exposición á radiación. A brillante científica que gañou os premios Nobel de física e química polos seus descubrimentos na área da radioactividade non tomou as precaucións debidas

cando executou as súas experiencias e aínda hoxe os seus apuntamentos son tan radioactivos que quen os quere consultar ten que usar equipamento protector. Décadas despois, aínda hai quen non quere aprender coa triste experiencia da primeira muller en dar clases na Universidade de París.

A industria da enerxía nuclear garante, mesmo despois de decenas de accidentes rexistrados, que é posíbel garantir a seguraza do proceso de fisión do uranio. Todos os problemas posíbeis son reducidos a fallos de deseño, corríxíbeis tecnoloxicamente. No intre en que se prepara unha nova carreira cara o nuclear, os os seus proponentes garantan que os novos reactores serán tan seguros que o risco dun accidente é nulo... se todo acontece segundo o previsto.

No mundo real, con todo, os accidentes acontecen. Non podemos controlar a natureza e certamente que non podemos encontrar deuses que poidan operar unha central nuclear. Ao cabo, estamos sempre dependentes de condicionantes externos e do erro humano. De aí que encher o mundo con bombas nucleares esperando que non estoupen non é unha idea moi intelixente.

Xapón vive o pesadelo nuclear

Mentres escribo estas palabras, un equipo de enxeñeiros e electricistas arrisca a vida para tentar evitar un desastre nuclear na central de Fukushima, cuxos sistemas de arrefriamento foron arrasados por un terremoto seguido dun maremoto. Entre os seis reactores e o depósito de residuos radioactivos, a central contém cerca de trece veces máis com-

bustíbel nuclear que Chernobyl. Para agravar aínda máis a situación, un dos reactores usa un mixto de uranio e plutonio, un combustíbel de utilización rara e cuxa radioactividade é superior á do uranio.

O desastre foi evitado até agora grazas á utilización de auga do mar para arrefriar os núcleos de combustíbel nuclear, nunha medida desesperada que dificultará os traballos futuros do equipo de salvamento, xa que o sal que se amoreou a medida que a auga do mar foi evaporando pode interferir co arrefriamento dos núcleos. As próximas dúas semanas van ser cruciais e, a pesar de que o abastecemento de enerxía foi repostado, permitindo a operación das bombas de auga, os expertos din que o máis difícil aínda está por vir.

Dous traballadores do equipo de salvamento foron xa hospitalizados por caeren nunha poza de auga radioactiva. Outros seis foron expostos a niveis de radioactividade por riba dos límites legais. Tendo en conta que aínda é preciso drenar a auga radioactiva acumulada e ventilar os gases radioactivos que tupen as bombas, a seguraza dos outros traballadores non pode ser plenamente asegurada.

No seguimento dun dos peores accidentes nucleares da historia, foron encontrados niveis de radiación 164 veces por riba do límite legal nalgúns vexetais cultivados en Fukushima, levando ao goberno a impedir a súa comercialización. Fóra do radio de 30 Km en torno á central nuclear, onde os habitantes locais están a ser aconsellados para evacuar ou non saír de casa, os niveis de radioactividade poden xa ser superiores ao límite recomendado pola OMS, polo que os nenos terán que ser medicados para impedir que contraian cancro da tiroide. Recéos coa contaminación da auga levaron xa as autoridades a recomendar que os nenos non beban auga da billa, mentres as persoas acumulan stocks de auga embotellada na casa.

Ficamos no entanto a saber tamén que nun dos países tecnoloxicamente máis avanzados do mundo a regulación da industria nuclear é unha broma de mal gusto. Soubemos que a empresa que opera a central de Fukushima ten un longo ca-



Imos cumprir co programa enerxético! (anaco dun cartaz da URSS, 1984)

tastro de falsificación de informes de seguraza e de irregularidades, coa complicidade da entidade reguladora. Soubemos tamén que xa en 2007 un sismoloxista xaponés avisara ao goberno sobre a posibilidade de que un sismo provocase un accidente serio nunha das centrais nucleares, despois de ser rexistrados tres incidentes, un deles con liberación de radioactividade. Os avisos foron ignorados.

A cantidade de radiación que pode ser liberada en Fukushima é miles de veces superior á da bomba de Hiroshima, permanecendo no ambiente durante 30 a 50 anos. Paga a pena, por tanto, reflexionar sobre a aceptabilidade deste risco.

Destrúir o mundo para salvar o mundo?

A pesar de todos os riscos inherentes á enerxía nuclear, aínda hai algúns ambientalistas que seguen a lóxica do mal menor, defendendo a súa expansión como un mal menor fronte á utilización de carbón. Un exemplo famoso é o do xornalista George Monbiot, que recentemente declarou o seu apoio á enerxía nuclear defendendo que os danos do accidente de Fukushima son mínimos [1]. Paga a pena reflexionar sobre tres tipos de argumentos erróneos usados por Monbiot.

En primeiro lugar, o tecnoptimismo. Aínda antes de sabermos se o problema foi resolto, os defensores do nuclear xa cantan vitoria, afirmando que a central de Fukushima resistiu a unha proba dura de resistencia. Nada novo, xa tiñamos oído este argumento cando o do accidente de Chernobyl, representado no imaxinario da industria nuclear como un erro técnico, típico dun país comunista en decadencia. Acontece que o erro en Chernobyl foi humano: o núcleo do reactor derreteu tras unha proba de seguraza que foi levada lonxe de máis polo excesivamente confiado director da central. E non, non estamos a falar dun Homer Simpson, senón dun brillante enxeñeiro nuclear. Por moito a algúns lles custe admitilo, até as persoas máis instruídas cometen actos de estupidez ocasionalmente.

>> Segue na páxina 2



>> Vén da primeira páxina

En segundo lugar, a manipulación da estadística. Vinte e cinco anos despois do desastre de Chernobyl, aínda estamos lonxe de chegar a un consenso sobre o número de vítimas. O Fórum Chernobyl, creado pola Axencia Internacional da Enerxía Atómica, estimou que só preto de 50 mortes podían ser atribuídas ao desastre, número replicado acriticamente por Monbiot. A mesma fonte estima aínda que poderán morrer no futuro máis 4000 persoas. Porén, un estudo encomendado por Greenpeace estima un total de 93000 mortes, de entre un millón de cáncros causados pola radiación. Esta última estimación é secundada por unha revisión da literatura científica eslavica que o Fórum Chernobyl ignorou.

Como explicar semellante diverxencia? Por unha banda, hai diferenzas metodolóxicas. Mentres o Fórum Chernobyl usou co-

por unha central de carbón liberada 100 veces máis radiación que unha central nuclear producindo a mesma cantidade de enerxía. Mais a comparanza está feita entre a cinza liberada ao terreo circundante a unha central a carbón e os residuos radioactivos dunha central nuclear almacenados en depósitos selados. Retirar de aquí conclusións sobre as consecuencias de fugas radioactivas que poden ocorrer ao longo dos 100.000 anos que dura a radioactividade dos residuos das centrais nucleares non é serio.

Das falsas ás certas escollos

Nós non temos que escoller entre as alteracións climáticas ou o inverno nuclear. Alternativas enerxéticas baseadas en enerxías renovábeis e en medidas de eficiencia e conservación de enerxía xa foron estudadas extensivamente. O problema da variabilidade apuntado por Monbiot co-

INVESTIR NUNHA FONTE DE ENERXÍA CARA, PERIGOSA E ECOLOXICAMENTE DESASTROSA SÓ TEN SENTIDO NA MENTE DE QUEN QUEIRA USAR AS RECEITAS DO ESTADO PARA SUBSIDIAR NEGOCIOS RENTISTAS

mo poboación só os 600 mil habitantes directamente afectados pola nube radioactiva, outros estudos estudaran os milleiros de millóns de habitantes que foron afectados pola radioactividade que chegou a catro continentes. Sabendo que aínda hoxe máis de 370 explotacións no Reino Unido afrontan restricións á produción debido á radiación traída polo vento desde Ucraína, paréceme claro que o segundo método será máis fiábel.

Pola outra, os efectos na saúde da exposición a radiación son aínda tan mal coñecidos que o espazo para a especulación con números é moi elevado. As estimación que temos hoxe de doses máximas de radiacións consideradas seguras foron conseguidas a través da extrapolación de datos obtidos de sobreviventes dos ataques terroristas con bombas nucleares en Hiroshima e Nagasaki –felizmente, o pesadelo previsto no filme “Dr. Estraño Amor” nunca se concretou. Sen máis datos, o mellor que podemos facer é tentar xuntar estas estimacións ás estadísticas de mortes por cáncros posibelmente causados pola radiación ao longo de décadas para chegar a un número.

En terceiro lugar, a falsa escolla entre nuclear e carbón. Monbiot defende que o uso do carbón non só nos condena ás alteracións climáticas senón que tamén libera radioactividade. No primeiro punto está correcto, mais no segundo está a ser deshonesto. O estudo que el cita di de feito que a cinza emitida

mo o fallo nefasto das renovábeis ten xa varias solucións posíbeis, nomeadamente o recurso a fontes máis fiábeis, como a enerxía xeotérmica, e a xestión intelixente da oferta e a demanda.

En canto ao custo, se fose un problema a enerxía nuclear xa hai moito que sería abandonada, xa que é carísima, sobre todo tendo en conta os enormes desfases no custo final fronte ao orzamento. Aos custos de construción hai que engadir os custos astronómicos co desmantelamento das centrais e de almacenaxe dos refugallo, alén dos incalculábeis custos derivados dos accidentes nucleares.

Nun momento no que o custo das renovábeis non para de baixar, investir nunha fonte de enerxía cara, perigosa e ecoloxicamente desastrosa só ten sentido na mente de quen queira usar as receitas do Estado para subsidiar negocios rentistas. Felizmente, as mobilizacións contra o nuclear en Europa e nos EUA están a facer tremar o sector, abrindo o camiño para un futuro libre de riscos inaceptábeis alimentados pola sede de lucro infinito. ●

[1] George Monbiot, “Atomizados”, en galego: www.altermundo.org/atomizados. Outro texto en inglés: “Going critical” (www.monbiot.com/2011/03/21/going-critical).

● **INFO:** Cedido polo autor a Altermundo e publicado en portugués en esquerda.net. Coelho tamén escribe no seu blog: cooltheearth.wordpress.com



Ocupación pacífica de Fortnum & Mason durante as protestas anti-recortes do 26 de marzo en Londres

PORQUE MARCHEI, PORQUE OCUPEI

Pasei a meirande parte da fin de semana nunha cela policial en Ilford. Fun acusado de participar nunha protesta pacífica en Fortnum & Mason [1], e presentaron cargos contra min por ocupación ilegal con agravantes. Mais estar encerrado por un día non é nada, nada ao lado do que lles acontecerá aos que serán os máis afectados polos recortes e privatizacións do goberno.

Mentres promocionábamos a marcha hai unhas semanas, un amigo e mais eu atopámonos con dúas desas persoas. Ambas as dúas teñen graves discapacidades físicas. Non poden saír das súas casas sen axuda. Teñen unha coidadora que vén, dúas veces por semana, e lévaos no seu coche á cidade, onde poden facer as súas compras e se cadra ver a algún amigo.

Pero o diñeiro que pagan pola gasolina á coidadora está sendo retirado por George Osborne [2]. Ela xa non pode traer as persoas que coñecemos á cidade –non pode permitirse o luxo de axudalas a saír das súas casas. Así que as dúas esperan quedar pechadas nas súas propias casas durante gran parte do resto das súas vidas.

Ou botemos unha ollada a Martha. Martha é unha muller con discapacidade múltiple de Oxfordshire. Vive nun fogar asistencial –viviu alí durante a maior parte da súa vida. Aí é onde están os seus amigos, ela coñeceu aos seus coidadores alí. É a súa casa. Ás veces, a empuñan na súa cadeira de rodas polo xardín, e a ela gústalle isto. Seu pai, William, pode certificar que lle gusta, porque a ela lle tranquiliza. Martha non estivo tranquila moi a miúdo ultimamente, mais só pode dicir o que lle está a pasar a ela. Non pode saber os detalles –que o goberno está a poñer en marcha un experimento económico radical: privatización en masa e os maiores recortes do gasto público nun país occidental desde os que seguiron á Gran Depresión. Ela probabelmente non sabe que George Osborne anunciou recortes masivos ás axudas que necesita, decíndonos a todos que calquera que pense que estes recortes son exclusivamente para aforrar cartos é que está “perdendo o Norte” –que a crise crediticia é unha “oportunidade única” para cambiar os servizos nos que ela confía. Martha non sabe de que van estes recortes. Non se atopou con frases como: “doutrina do shock”. Nunca oíu falar de Fred Goodwin [3] ou dos derivados, ou de hipotecas de alto risco (*subprime*).

Mais si que pode dicir que vai ser expulsada da súa casa. Os recortes ás Axudas de Subsistencia para a Discapacidade significan que xa non pode darse o luxo de permanecer alí –e que os seus pais non poden subsidiar o seu fogar. Verase obrigada a procurar unha casa moito máis barata. Unha na que non poderá estar cos seus amigos –amigos que probabelmente nunca volverá ver de novo. As súas viaxes fóra serán moito máis raras. Quedará soa, cunha rápida rotación de coidadores ou coidadoras que nunca chegará a coñecer ben. E así será tamén encerra-

da baixo chave nunha institución que non elixiu, atrapada polos recortes e por un goberno que sabe que ela non pode defenderse.

Ou botemos unha ollada ao meu amigo John. John é un talento excepcional –como moita xente. Traballa duro e é dilixente e apaixonado. Pero como membro da xeración perdida [4], ficou desempregado. Foi lanzado ao montón de chatarra dos “inservíbeis” de George Osborne: os pobres, os discapacitados, os mozos. A súa difícil situación é a situación da miña xeración –un destino escrito nas estatísticas de desemprego e nun millón de solicitudes de reciclaxe de emprego e un millón de soños truncados, sen cor. Despois de meses gastados na procura dun traballo que non estaba alí, de días cumprimentando coidadosamente formularios e actualizando currículums que sempre rematan no lixo, John deprimiuse. Nada bota por terra a propia confianza como o desemprego. A evidencia dinos que o desemprego mata. Provoca tensión, descompon comunidades enteiras. E isto tamén deixa ás persoas prisioneiras –atrapadas nas súas propias dúbidas e con odio cara a si mesmas e profundamente deprimidas.

Nas historias recentes sobre Mark Stone –o oficial de policía que se infiltrou no movemento climático [5]– vimos os extremos aos que a policía está disposta a chegar para obter información de intelixencia sobre manifestantes pacíficos, e tratar de intimidarnos fóra do activismo. E iso pode ser o que estamos tratando de facer aquí. Pero non vai funcionar. Non é efectivo, porque sabemos que a protesta funciona –todos lembramos que neste país tivemos que loitar por cada unha das institucións de xustiza social que temos. Non vai funcionar porque a xente está comezando a ver que estes recortes non teñen nada que ver co saneamento da economía e todo que ver coa imposición da ideoloxía da dereita. E non funcionará porque un día na cela da policía non é nada comparado cunha vida atrapado como un prisioneiro na túa propia casa. Non é nada en comparanza co que lle están a facer a Martha e o que lle están a facer a John. Non é nada en comparanza co dano que estes recortes farán ás nosas comunidades, aos nosos amigos e as nosas vidas. ●

[1] Coñecida tenda de Piccadilly ocupada o 26 de marzo.
[2] Ministro de Facenda do goberno de David Cameron.
[3] Banqueiro especulador. Foi director do Royal Bank of Scotland.
[4] Tradución libre de: *jilted generation*
[5] Stone é un policía infiltrado que, coa falsa identidade Mark Kennedy, espíou durante anos aos movementos ecoloxistas británicos.

● **INFO:** O texto corresponde a unha testemuña de Adam Ramsay, activista británico que colabora con *UK Uncut*, movemento cidadán contra os recortes sociais no Reino Unido. Adam participou na marcha de medio millón de persoas en Londres o pasado sábado 26 de marzo: www.ukuncut.org.uk | brightgreenscotland.org



'QUE SE VAYAN TODOS', 10 ANOS DO ARXENTINAZO

A finais de 2011 cumprírase unha década desde a rebelión popular que na Arxentina aterrizou á clase política e que resoou no mundo enteiro. Tócalle agora a Europa?



JOHN HOLLOWAY
Doutor en Ciencias Políticas. Profesor do Instituto de Humanidades e Ciencias Sociais na Universidade Autónoma de Puebla, México

10 anos! Non miremos cara atrás. Ou miremos para atrás só para seguir a avanzar. A ira e a furia e a desesperación aínda están aí. Aínda están aí a inxustiza e a explotación e a opresión. E non ocorre nada que deteña a carreira da humanidade cara á súa propia autodestrución. O capital aínda domina. O diñeiro aínda nos ata a unha dinámica mortal.

Hai un fluxo social da ira e da furia, irmán do fluxo social da rebelión, do que fala Sergio Tischler. É difícil suxeitalo, e imposible institucionalizalo. Inseparábel do capitalismo, a ira flúe polo mundo, variando de seguido na súa intensidade, sempre burbullando baixo a superficie, estoupando agora aquí, agora alí: na Arxentina, en Bolivia, en Venezuela, agora en Exipto, en Tunisia, en Grecia, Francia, Italia, Irlanda. Ás veces parece acougar, até desaparecer, mais nun mundo baseado na frustración do potencial humano nunca está lonxe da superficie.

A crise é un tempo de ira e de furia. Ira e furia porque se frustran as nosas expectativas: xa non hai máis lugar nas universidades, xa non se conseguen empregos, xa non hai recursos dispoñíbeis para o que queremos facer coas nosas vidas. Non é que non teñamos as capacidades, non é que non podamos ver o que queremos facer ou o que se debe facer. Pero todo depende dos cartos e non hai cartos dispoñíbeis; cando menos non para nós. O dominio do diñeiro é o dominio da frustración. A ira, a furia, son contra o dominio do diñeiro.

Ira e furia profundas, porque millóns e millóns non teñen dabondo para comer. Non é que non existan os alimentos, non é que os seres humanos non teñan fame; só é que se necesita diñeiro para comprar alimentos e a xente non ten diñeiro. Furia contra o dominio do diñeiro.

A ira e a furia non son o problema. No mundo non escasean a ira e a furia. E se cadra estalarán cada vez máis nos anos por vir. O problema real é que vén despois, como dirixir a ira e a furia, como construír desde elas. A furia contra Mubarak é boa, pero non vai o suficientemente lonxe. A ira contra os banqueiros é boa, pero os banqueiros non son máis que os servintes do diñeiro.

"Que marchen todos!" subiu o nivel da ira, abriu un novo nivel de loita por un mundo diferente. Primeiro porque non só esixía a expulsión dun político, como acontece tan a miúdo -De la Rúa, Mubarak, Berlusconi-, senón de toda a clase política. E segundo, e máis fundamental, por-



Despois do "arxentinazo" e das protestas dos días 19 e 20 de decembro de 2001, que fixeron dimitir ao presidente Fernando de la Rúa -causaron 39 mortos-, moitos traballadores ocuparon fábricas pechadas e as reactivaron. Tamén se ocuparon moitos espazos públicos para actividades comunitarias, sociais, culturais e asistenciais, nunha onda de autoxestión popular sen precedentes. Os movementos piqueteiros -de desempregados- como os da fotografía (2002), xurdidos unha década antes polos despedimentos de YPF (despois Repsol-YPF), tamén tomaron rúas e prazas.

que a esixencia abriu a porta para a ocupación dunha multitude de espazos.

A ira e a furia que estoupan nun intre de crise capitalista son a miúdo ocasionadas pola retirada do capital. A maior parte do tempo, as relacións sociais capitalistas fornécennos dunha estrutura para sobrevivir -quizais, non para vivir, senón para sobrevivir. A maioría temos empregos, e o estado fornece algún tipo de infraestrutura educativa e de saúde. E entón contráese o capital, e de súpeto aumenta o desemprego, hai cortes masivos no gasto estatal, até poden deixar de funcionar os bancos. Cando acontece isto -como na Arxentina en 2001-2002 e agora cada vez máis por todo o mundo- só hai dúas opcións posíbeis. Unha é suplicar ao capital que volva ocupar o lugar que deixou vacante: queremos empregos, queremos máis servizos estatais. Loitemos polo dereito ao traballo, contra os recortes dos gastos estatais! Regresa capital! Regresa Estado!

A outra posibilidade é ver que o capital cedeu espazos e apresurámonos a ocupalos. Cando o capital nos fai desempregados, festexámolo porque agora podemos facer algo significativo coas nosas vidas. Cando o Estado capitalista pecha escolas e hospitais, imos e tomámoslos nós mesmos. Cando os capitalistas pechan unha fábrica, tomámola, non para reproducir os mesmos métodos de traballo senón para facer as cousas dun xeito completamente diferente.

É evidente que a primeira destas respostas é a única sensata e corda. En todo o mundo, esta foi a resposta abrumadoramente maioritaria dos movementos sindicais e socialistas. Defendamos os nosos empregos! Que os capitalistas paguen pola súa crise! Non somos os culpábeis da crise; por que deberíamos pagala nós? O único problema con esta resposta sensata e corda é que pecha o sistema ao redor noso, fai que toda ruptura sexa imposible. O único problema con esta resposta sensata e corda é que cada resolución da crise capitalista nun contexto capitalista achéganos un paso máis á autoaniquilación humana. O único problema con esta resposta sensata e corda é que é insensata e exasperada.

Si, por suposto, a outra resposta é ridícula, estúpida e o único futuro posíbel para a humanidade. Comezamos observando que o emprego capitalista é a explotación, a subordinación da nosa actividade cotiá á lóxica da acumulación capitalista e que as actividades do estado buscan promover as mellores condicións para a acumulación de capital. Se o capital é incapaz de cumprir estas funcións alegrémonos e enchamos estes espazos coas nosas propias relacións sociais, a nosa propia forma de facer as cousas, co facer que consideramos necesario ou desexábel. Precisamente é diso do que trata a interpretación radical do "que marchen todos". Fóra todos eles, non só os políticos, non só os capitalis-

tas, senón todo o xeito en que se organiza a sociedade. O capital deunos as costas, fracasou. Non queremos que volva, deixemos que vaia ao inferno.

O antedito é absurdo, porque non controlamos o mundo, só controlamos pequenos anacos del; fendas, fisuras na textura xeral da dominación. É absurdo porque como podemos sobrevivir se mandamos ao capital ao inferno? "Non te necesitamos, capital, podemos sobrevivir sen ti", dicimos con carraxe. mais, como vivimos sen o capital? Esa é a verdadeira proba. Non é que necesitamos novas institucións para que a nosa rebelión perdure; esa non é a cuestión. A forza do noso rexeitamento ao capital depende finalmente da nosa capacidade de vivir sen el, da nosa capacidade de vivir facendo cousas nunca forma diferente, da nosa capacidade de crear aquí e agora un mundo diferente. Como vivimos se nos libramos do capital? Os vellos revolucionarios tiñan unha resposta: mostrando que o socialismo é un xeito máis eficiente de produción que o capitalismo. A vella resposta fracasou por partida dobre: os "comunistas" -como se autodenominaban- foron incapaces de crear un sistema de produción tan eficiente como o capitalismo, e mentres trataban de facelo reproduciron as mesmas estruturas de xerarquía, opresión e alienación como as que estaban tratando de derrubar.

Fracasaron, pero iso non significa que nós teñamos a respos-

ta. A pregunta persiste: como vivimos sen o capital? Xa non é cuestión de como podemos construír unha economía planificada no futuro, senón como podemos construír, aquí e agora, o que Raúl Zibechi denomina na súa excelente contribución a esta colección unha "economía política en resistencia". Esta é a gloria e o dilema do arxentinazo de hai dez anos. Móstranos o camiño cara adiante e obríganos a reflexionar sobre as dificultades.

O "que marchen todos", o berro de "podemos facelo nós mesmos, non necesitamos nin ao capital nin ao estado", as asembleas barriais, as fábricas recuperadas, os piqueteiros e as cocinas, obradoiros e escolas comunitarias, o movemento do troco: todas estas son formas de loita que se proxectan dentro un mundo que aínda non existe, ou que existe só a través das nosas loitas. Este é se cadra o exemplo urbano máis glorioso de loitar por crear un outro mundo vivindo agora o mundo que queremos crear. Foi unha loita que foi máis aló da mera negatividade para crear, nunha rápida apertura de gretas, un antimundo, non só un mundo de oposicións, senón un mundo de relacións sociais diferentes, diversas formas de facer as cousas.

Vivir agora o mundo que aínda non existe é a única forma de crear ese mundo, pero tamén é arriscado, precisamente porque o mundo no que eliximos vivir aínda non existe. Ou máis ben existe non-aínda, como anticipación, mediante a nosa creación e as creacións dos millóns de persoas que viven contra-e-máis aló do capital. Isto fai ao proceso marabillosamente estimulante e creativo, pero tamén o fai moi fráxil. Pero quizais baixo a fragilidade hai tamén unha resistencia, unha gran fortaleza.

Se cadra deberíamos pensar o arxentinazo como capas e diferentes temporalidades. Unha fermosa explosión de creatividade que iluminou o mundo e mostrou o futuro, pero fráxil porque necesitaba dunha "economía política en resistencia" máis poderosa para sustentala. Aínda así deixou un forte sedimento de acción máis silenciosa, menos espectacular, que segue construíndo o mundo que creamos vivíndoo. Esta é quizais a única forma en que podemos fortalecer e direccionar a furia que probablemente flúa polo mundo nos anos por vir. ●

• **INFO:** O texto foi publicado en español nun especial sobre o arxentinazo da revista *Herramienta*: "Argentina 2011-2011: una década en disputa", núm 46: www.herramienta.com.ar



www.altermundo.org



www.argenpress.info

GALIZA JÁ TEM PETRÓLEO

Baixo o lema “A auga fonte de creacón”, em Dezembro de 2010, celebrou-se n’A Coruña o Fórum da Auga. Unirom-se para organizar o evento, dúas fundacións que somam un grande poder económico, político e mediático, a “Fundación Agbar” e a “Fundación Santiago Rey Fernández Latorre”.

A segunda vinculada ao grupo de comunicación ao que pertence “La Voz de Galicia”; a primeira vinculada ao Grupo Abgar propiedade de num 75% de SUEZ ENVIRONNEMENT, dedicada, principalmente, ao negocio de comercialización, distribución e tratamento da auga, da corporación transnacional francesa GDF-Suez.

O representante dos intereses desta corporación, Angel Simón, comunicou publicamente parte do resultado dum encontro que mantivo co Presidente da Xunta de Galicia, Nuñez Feijoo, conforme a empresa Agbar ía ubicar na Galiza um dos seus centros tecnológicos onde se investiga em patentes, que aumentam o poder tecnológico desta multinacional e lhe vai permitindo afaizer-se coa propiedade de cada vez mais quantidade de auga em todo o planeta. O que ninguém contou foi o que Nuñez Feijoo ofereceu a esta poderosa compañía. Será todo isto fruto doutros encontros onde se concretou em que termos se redactaria a nova Lei de Augas de Galicia?

Na actualidade, Aquages, filial desta poderosa multinacional da auga, gestiona na Galiza o seu suministro a um milhom de galegos e galegas de 60 concellos, segundo dados da própria empresa. Polo de agora a súa gestom reducía-se ao suministro



tro e tratamento. Coa nova Lei de Augas, a recém criada empresa Augas de Galicia, erigida em “proprietária” de toda a auga do país, incluída a que chove, pode chegar a acordos, fazer concessions ou mesmo ser suxeito, ela mesma, de privatización por parte do Governo da Xunta, e passar a formar parte desta poderosa corporación que se adica a lucrar-se co que tem que ser um bem público, social e universal, um direito e nom umha mercadería, a auga.

Perigosamente Angel Simón declarou que Galiza é o país da auga. Toda umha declaración! vindo do representante de Agbar que factura mais de 3.100 millóns de euros ao ano. Toda umha declaración que nos pom no punto de mira da cobiça que move a este tipo de grupos económicos.

Hai tempo que se fala da guerra da auga... Gérard Mestrallet, presidente e director geral de GDF-Suez, numha conferencia celebrada o pasado 16 de Marzo em Barcelona, apresentada por Angel Simón, afirmou que os movimentos políticos e sociais que se están produzindo no Mediterráneo, podem abrir muitas posibilidades de inversom. Líbia tem petróleo, gas e auga, muitas reservas de auga fóssil, num dos aquíferos mais grandes do planeta.

Galiza é o país da auga, o que traduzido ás coordenadas político-económicas actuais, é como ter “petróleo azul”. Nom deixemos que esta riqueza se converta na nosa desgracia. Deroguemos a Lei de Augas. ● **Lupe Ces**, integrante do Consello Editorial de Altermundo, **28/03/11**

Sempre chuchando no Sur

O Banco Mundial fixou o foco sobre América Latina. Na procura desesperada de áreas potencialmente cultiváveis para unha produción masiva que poida contrarrestar o medre dos prezos dos alimentos, detectou que o 28% de terra arábel do planeta está no patio de atrás do mundo. Nesa leira inmensa onde fatigan 550 millóns de persoas que producen alimentos para o mundo pero na que 53 millóns viven atormentadas de fame acotío.

Dos 445,6 millóns de hectáreas de terra que, no globo, poderían ser utilizadas para a expansión do cultivo, 123,3 millóns está en América Latina. Só África supera isto, cun 45% do total mundial. Paradoxalmente, os dous continentes máis mergullados, máis empobrecidos, máis sometidos, máis esquecidos.

[...] No subcontinente 80 millóns de nenos viven na pobreza. O 17,9% -uns 32 millóns- pasan fame a pesar de que esta terra feraz produce tres veces máis do que se necesita para alimentar aos seus habitantes suburbiais do mundo. [...] 189 millóns de latinoamericanos viven na pobreza, un 34% da poboación total. A pesar de que exhala alimentos cara ao mundo, fai chover o café e o leite, pon a carne sobre a mesa e os cereais e o pan. Pero os seus homes e as súas mulleres, as súas historias individuais, as súas traxedias, non os poden mercar. Non poden acceder. Traballan para outros. Producen para outros. ● [“Por la tierra y el agua”. **Silvana Melo (APE)**, **31/03/11**]



OTHER NEWS


www.other-news.info

Chega a Taxa Tobin?

O Parlamento Europeo aprobou, a principios de marzo, unha resolución que pedía a introdución dun imposto sobre as transaccións financeiras internacionais (ITF), no marco dunha batería de propostas en favor de fórmulas innovadoras de financiamento. [...] a gran maioría das transaccións financeiras internacionais que se levan a cabo -especialmente no comercio de divisas- non están vinculadas á economía produtiva, senón que responden exclusivamente a actividade especulativa.

[...] un pequeno imposto -de só o 0,005%- sobre as transaccións internacionais de divisas como nova fonte de financiamento ao desenvolvemento complementaria a outras fontes xa existentes -como a Axuda Oficial ao Desenvolvemento [...] Nos vindeiros meses estas propostas estarán na axenda de reunións do máis alto nivel como as próximas reunións do G-20 en Neuville e Cannes.

[...] É, xa que logo, o momento propicio para a acción e para esixir resultados dunha vez. ● [“Es hora de exigir resultados”. **Manuel Manonelles**, **30/03/11**]



CANAS DE ESCRIBIR: www.juantorreslopez.com

CENTRE TRICONTINENTAL: www.cetri.be

O MARMURIO...: omarmuriodaonda.blogaliza.org

GALICIA CONFIDENCIAL: www.galiciainconfidencial.com



Agora Portugal: outra vez o engano dos rescates

[...] Desde que nos anos oitenta se empezaron a producir “rescates” en América Latina puidemos ver como acaban este tipo de operacións -con menos actividade, emprego e desigualdade e máis pobreza- e analizando a situación dos países que foron ou que van ser “rescatados” podemos comprobar sen demasiada dificultade a natureza deste engano. [...] Chámanlle democracia, pero á vista do que vén acontecendo está cada vez máis claro que non o é porque se nos furtou a posibilidade de decidir sobre as cuestións que afectan á nosa vida. ● [“Agora Portugal? (Outra vez o engano dos rescates)”. **Juan Torres López**, **29/03/11**]



Temos que protexer a agricultura familiar

[...] A liberalización dos mercados agrícolas, que no seu día foi presentada como unha panacea contra a fame, non foi quen de impedir un maior empobrecemento dos labregos e das labregas. O investimento privado aumentou dez veces desde os anos '90, mentres que o sector público desinvestía. E a introdución da produción familiar nos mercados internacionais a través dos contratos de explotación só beneficiou á agroindustria. “Debemos protexer as explotacións familiares, se queremos protexer a seguridade alimentaria”, dixo. ● [“Il faut protéger l'agriculture familiale”. **Laurent Delcourt**, **28/03/11**]



O Poutiñas fala sobre a lea das caixas galegas

Meu pai, que en paz descanse, gardaba os catro patacóns que tiña nun oco que había trala lacena. Desconfiado até de Deus, non pousaba un peso nin nos bancos nin nas caixas. Tiña boa razón para desconfiar: era analfabeto. [...] Hoxe a xente non garda os cartos na casa. Non. As monxas si pero elas porque son conservadoras. Que mal fan tendo os cartiños agochados nun armario?

[...] Din que xa non vai haber caixas en Galiza. Din que especularon cos nosos aforros. Fixeron ben as monxiñas que non colaboraron co sistema. [...] ● [“O Poutiñas opina sobre as caixas”. **Xurxo Martínez**, **24/03/11**]



Lois Pereiro, 15 anos antes que Stéphane Hessel

[...] “¿De que parte estou, pregúntasme, cravando en min a túa pupila azul...? Da mesma que crin estar sempre (...) Sigo a estar de parte da Beleza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou moralmente xusto e evidente, a pesar de tantas dúbidas, decepcións e diferentes perspectivas de actuación, levando ás costas tantas traicións decepcionantes en vertixinosa e constante cadea continua de agresións dunha historia de infamia que xa non nos permite ser inxenuos...” ● [“Lois Pereiro e o seu manifesto pola revolta”. **Rodri Suárez**, **29/03/11**]